

Aquel verán fora moi intenso, pero coa chegada do inverno tocaba voltar para a cidade, así que cargamos o Dian 6 coas cousas e preparámonos para marchar. Os avós despedíanse dende a porta co can aos pés .

A BH azul, a miña fiel compañeira durante esas vacacións, quedaba tirada na aira coma se esperara a que eu voltara o ano seguinte. O que eu non sabía naquel momento é que non habería ano seguinte, que durante aquel inverno a miña vida cambiaría por completo, que nunca nada voltaría a ser como antes. Atravesamos a praza no coche, estaba baleira. Tan só quedaban dous vellos que ían de camiño ao bar.

De camiño á casa atopámonos un par de pastores que baixaban as cabras dos montes para pasar o inverno nunha cuadra, eu pensei que dalgunha maneira era coma esas cabras que pasaban o ano pechadas para ter dous meses de liberdade absoluta. O que para elas era o monte para min era a casa dos avós, e o que para elas era a cuadra para min era a escola, a pesar de que anos máis tarde me decatara de que tampouco estaba tan mal.

Finalmente chegamos á casa esa semana comezaron as clases. Unhas semanas despois chegaría unha carta de remitente anónimo na que informaban de que meus avós foran asasinados a sangue fría pola venemérita por ser republicanos.

Meus pais non mo dixeron ata ben pasado o tempo. Nese momento rompín a chorar, meus avós as persoas que máis quería neste mundo, os que darían a vida por min, quenes sempre tiñan un sorriso para mi morreron, e o resto do mundo actuaba como se nada pasara. Eles non tiveron misa, non tiveron unha sepultura digna, nen sequera sei onde están os seus corpos.

Hoxe, 60 anos despois daquel último verán reunín o valor para volver a aquela casa na que algún día fun tan feliz, a BH segue onde a deixei toda enferruxada, o lousado non caeu pero vese que pouco lle queda, o 600 do avó aínda está no garaxe como esperando que alguén arranque o seu motor de novo, a porta da casa estaba aberta e todo estaba igual que cando eles marcharon, pero todo estaba cuberto por un manto de polvo, a pota estaba na lareira como unha última cea que nunca tiveron, a súa cama estaba feita. Todo estaba no seu lugar excepto eles.